

PROGRAMA MAÑANCEIRO

CURSO ESCOLAR 2022 – 2023

Que é? É un programa de atención, vixancia e almorzo dos escolares dos centros de Educación Infantil de Pravio e de Educación Infantil e Primaria do municipio de Cambre.

Requisitos: Estar empadroadado/a no Concello de Cambre e estar matriculado/a nun centro escolar de Cambre.

Prazo de inscrición: Do 15 de xuño ao 15 de xullo de 2022. Se hai prazas baleiras pódese solicitar tamén ao longo do curso.

Lugar de presentación de solicitudes de alta e de baixa: O formulario de solicitude de alta (dispoñible na páxina web do Concello de Cambre) ou de baixa (unha vez admitido) deberá presentarse por rexistro de entrada:

- Preferiblemente, a través da sede electrónica da páxina web do Concello de Cambre.
- Se non, en calquera dos rexistros municipais para o que deberán solicitar cita previa:
 - o Ou chamando ao nº de teléfono: 981 613 128.
 - o Ou na páxina web municipal.

Dende o Concello de Cambre poderase **dar de baixa de oficio** a aquel participante que unha vez admitido:

- Incumpla os requisitos establecidos.
- Non efectúe o pagamento da cota establecida.
- Falsifique os documentos ou datos achegados.
- Falte ao programa de forma continuada durante un mes sen causa xustificada.

Condicións do programa:

- **Duración:** De luns a venres, en días lectivos, segundo o calendario escolar oficial do curso 2022-2023.
- **Data comezo:** O primeiro día oficial do curso 2022-2023 (o alumnado de 3 anos comezará cando remate o periodo de adaptación e inicie a súa xornada escolar completa).
- **Horario:** De 7:30 ata o comezo da xornada escolar (é distinta en cada centro escolar).
- **Persoal:** Persoal cualificado que fará actividades de ocio e tempo libre e organizará, elaborará e servirá o almorzo aos/ás escolares participantes que o haxan solicitado.
- **Modalidades:** Pódese solicitar o programa:
 - o para o mes completo ou para días soltos (ata 12 días).
 - o con almorzo ou sen almorzo.

A modalidade elixida non se poderá variar sen comúncalo ao Concello de Cambre previamente por escrito no departamento de Educación do Concello (educacion@cambre.org), e causará efecto ao mes seguinte de solicitalo.

- **Nº de prazas:** Para poñelo en marcha será necesario que haxa como mínimo 13 solicitudes para mes completo (o mesmo para o almorzo) nos CEIP Wenceslao Fernández Flórez, Portofaro e Plurilingüe Graxal e 6 no Emilio González López, Gonzalo Torrente Ballester e na E.I. San Bartolomeu de Pravio. Como máximo por centro 26 solicitudes. Se houbese máis demanda tratarase de admitir máis solicitudes por centro en función do espazo no centro escolar e do crédito existente no programa.

- **Tarifas:**

CENTRO ESCOLAR	CON ALMORZO		SEN ALMORZO	
	MES COMPLETO	DIAS SOLTOS*	MES COMPLETO	DIAS SOLTOS*
E.E.I. SAN BARTOLOMEU DE PRAVIO	40,60 euros	1,40 euros	27,51 euros	0,84 euros
WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ				
GONZALO TORRENTE BALLESTER				
EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ				
P. O GRAXAL	29,40 euros	1,26 euros	19,60 euros	0,77 euros
PORTOFARO				

* Os días soltos contabilízanse ata 12 días, a partir do 13º día cobrarase o mes completo aínda que haxa solicitado a modalidade de días soltos.

O importe das tarifas é diferente por centro porque é diferente o horario total do servizo en cada un deles.

Estas tarifas poden variar ao longo do curso escolar, o que se comunicará cando sexa oportuno.

- **Reducións a solicitar na solicitude segundo sexa o caso:**

- O 50% da tarifa según a situación de desemprego dun dos seus proxenitores e o 100% se están os dous. Para aplicar esta redución deberase achegar a documentación que o acredite.
- O 50% da tarifa no caso de familias numerosas cun participante, o 60% no caso de dous participantes, o 70% en caso de tres participantes, o 80% en caso de catro participantes, o 90% en caso de cinco participantes e o 100% en caso de 6 participantes ou máis. A porcentaxe que corresponda aplicarase a cada un/unha dos/das participantes. O/a solicitante deberá achegar copia do título de familia numerosa.
- O 100% da tarifa a familias monoparentais. O/a solicitante deberá achegar a documentación que a acredite.
- O 100% da tarifa a familias con fillos/ as con discapacidade en idade escolar. O/a solicitante deberá achegar copia do certificado de minusvalía.
- O 100% da tarifa a familias que acheguen informe emitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre para o que o/a solicitante deberá indicalo no formulario de solicitude.

- **Documentación necesaria :**

No prazo de solicitude deberá presentarse o formulario de solicitude (pódese descargar na páxina web do Concello de Cambre ou na sede electrónica) e achegando, se é o caso:

- o A documentación necesaria para xustificar a redución solicitada sobre a tarifa establecida.
- o Informe médico onde se recolla a intolerancia alimenticia que presente o/a alumno/a ou calqueira outra situación ou particularidade.
- o Certificado de minusvalía do/da participante.

Se houberse máis solicitudes que prazas dispoñibles presentadas no prazo inicial (logo de aumentar o número máximo por centro en función do espazo e do crédito existente no programa) haberá que facer unha valoración das solicitudes polo que o Concello de Cambre a través do departamento de Educación requirirá aos solicitantes para que presenten no prazo de 10 días a documentación á que se fai referencia no apartado b) do formulario de solicitude.

- **Listado admitidos/as:**

Ao longo da segunda quincena do vindeiro mes de xullo do 2022 informarase ás familias, a través da páxina web municipal, sobre a admisión da solicitude presentada. E de ser o caso se hai que requirir documentación para facer a valoración das solicitudes presentadas.